



Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES SELECCIONADAS E EXCLUÍDAS DA CONVOCATORIA DE PRAZAS E BOLSAS PROPIAS PARA A SELECCIÓN DE ESTUDANTES, NO MARCO DOS CONVENIOS ASINADOS ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS E NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ ESTUDOS PARA O CURSO 2024-2025**

O 29 de novembro de 2023 publicouse a convocatoria de prazas e bolsas propias para a selección de estudantes, no marco dos convenios asinados entre a Universidade de Vigo e países extracomunitarios e no marco do programa Erasmus+ estudos para o curso 2024-2025.

Publicadas por resolución reitoral de 28 de febreiro de 2024 as listaxes provisorias de solicitudes seleccionadas e en lista de agarda e finalizado o prazo de presentación de presentación de emendas, esta reitoría

**RESOLVE:**

1. Publicar a listaxe definitiva de **solicitudes seleccionadas** no anexo I.
2. Publicar a listaxe definitiva de **solicitudes en lista de agarda** no anexo II.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación, R.R. do 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Internacionalización

M<sup>a</sup> Isabel del Pozo Triviño